<ul style="list-style-type: none"> - (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais. - Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada - Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade. - Os ecosistemas: <ul style="list-style-type: none"> - Elementos bióticos e abióticos. Relacións intraespecíficas e interespecíficas. - Importancia da conservación dos ecosistemas, a biodiversidade e a implantación dun modelo de desenvolvemento sostible. - Exemplos da contorna. - Impactos sobre os ecosistemas ocasionados por actividades humanas. - Importancia da adquisición dos hábitos sostibles (consumo responsable, prevención e xestión de residuos, respecto ao medio ambiente).

UD	Título da UD	Duración
8	A xeosfera	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar e clasificar distintos minerais mediante a observación das súas características e propiedades.	Clasificar distintos minerais mediante as súas propiedades.	PE	70
CA4.2 - Recoñecer diferentes rochas a través da súa clasificación en función da orixe e/ou dos minerais que as forman.	Distinguir entre rochas sedimentarias, metamórficas e ígneas.		
CA4.3 - Localizar rochas e minerais da contorna seleccionando información mediante o uso correcto de diferentes fontes.	Recoñecer as rochas máis abundantes da contorna.		
CA4.4 - Describir a importancia dos minerais e das rochas na sociedade relacionándoos coas súas aplicacións na vida cotiá.	Citar aplicacións dos minerais.		
CA4.5 - Valorar unha explotación sostible dos recursos xeolóxicos identificando os principais impactos que causa.	Citar efectos negativos das explotacións mineiras sobre o medio ambiente.		
CA4.6 - Explicar a estrutura e a composición básica da xeosfera diferenciando as características xerais das capas que a forman.	Identificar as capas da Terra.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.7 - Relacionar a litosfera e o movemento das placas coas estruturas xeolóxicas que se orixinan nos bordos integrándoas na teoría da tectónica de placas.	Recoñecer os bordos de placas tectónicas como os lugares máis activos xeoloxicamente.		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Expresar información científica de forma correcta e adecuada ao nivel educativo, tanto oralmente como por escrito, sobre a xeosfera.	TI	30
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	Buscar e extraer información sobre a xeosfera de carácter científico de guías e webs.		
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Realizar experimentación para responder preguntas concretas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada - Os minerais: características, propiedades e clasificación. - As rochas e a súa clasificación: sedimentarias, metamórficas e ígneas. O ciclo das rochas. - Identificación de rochas e minerais relevantes da contorna. - Aplicacións dos minerais e das rochas na vida cotiá. - Explotación sostible dos recursos xeolóxicos. Os recursos xeolóxicos en Galicia. - Estrutura e composición básica da xeosfera: codia, manto e núcleo. - Introducción á teoría da tectónica de placas. - A litosfera e o movemento das placas. - Estruturas xeolóxicas nos bordos das placas.

UD	Título da UD	Duración
9	A atmosfera	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Explicar procesos biolóxicos ou xeolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico ou recursos dixitais.	Interpretar casos sinxelos de dinámica atmosférica.	PE	70
CA5.3 - Analizar as funcións da atmosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do efecto invernadoiro.	Coñecer a estrutura e composición da atmosfera e o efecto invernadoiro.		
CA5.5 - Recoñecer os impactos ambientais sobre a hidrosfera e a atmosfera debidos á acción humana relacionándoos coas súas causas e consecuencias no medio.	Recoñecer os efectos da actividade humana sobre o efecto invernadoiro e formular solucións.		
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Analizar procesos atmosféricos interpretando información científica e sacar conclusións.	TI	30
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	Obter información científica veraz sobre a atmosfera de diversas fontes.		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Facer predicións relacionadas coa atmosfera con base científica.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Distinguir entre ciencias e pseudociencias.		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Transmitir información en diferentes soportes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais. - A atmosfera. Composición e estrutura. - Importancia da atmosfera para a existencia da vida na Terra. - Impactos ambientais sobre a atmosfera. O incremento do efecto invernadoiro e a contaminación atmosférica.

Contidos
- O cambio climático.

UD	Título da UD	Duración
10	A hidrosfera	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Explicar procesos biolóxicos ou xeolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico ou recursos dixitais.	Explicar os efectos negativos das actividades humanas na hidrosfera.	PE	70
CA5.4 - Analizar as funcións da hidrosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do ciclo da auga.	Describir a importancia da existencia da auga para a vida e coñecer o ciclo da auga.		
CA5.5 - Recoñecer os impactos ambientais sobre a hidrosfera e a atmosfera debidos á acción humana relacionándoos coas súas causas e consecuencias no medio.	Recoñecer os problemas da contaminación de augas doces e salgadas.		
CA5.6 - Comprender o papel determinante da atmosfera, hidrosfera, biosfera e xeosfera na edafoxénese, así como a súa influencia no modelado terrestre, identificando as funcións do solo.	Comprender o papel da hidrosfera no modelado terrestre.		
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	Buscar e extraer información sobre a hidrosfera de páxinas de carácter científico para a realización de actividades puntuais.	TI	30
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Utilizar información científica para argumentar de xeito razoado fenómenos que afectan á hidrosfera.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Distinguir entre ciencias e pseudociencias.		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Transmitir a información previamente seleccionada de forma precias, empregando distintos soportes.		
CA5.2 - Interpretar a paisaxe analizando os seus elementos e reflexionando sobre o impacto ambiental derivados de determinadas accións humanas.	Reflexionar sobre en base a datos e imaxes sobre os impactos de determinadas accións humanas sobre a hidrosfera.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:
- Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.
- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).
- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.
- Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.
- A hidrosfera. Distribución da auga na Terra. Propiedades e ciclo da auga.
- Importancia da auga para os seres vivos.
- Impactos ambientais sobre a hidrosfera. Contaminación e xestión sostible da auga.
- Interaccións entre a atmosfera, a hidrosfera, a xeosfera e a biosfera. O seu papel na edafoxénese e no modelado do relevo e a súa importancia para a vida. As funcións do solo.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía formulada parte da perspectiva do docente como orientador e promotor do proceso de ensino-aprendizaxe, facilitando o desenvolvemento competencial a partir do nivel inicial dos alumnos e das alumnas. Ten en conta a atención á diversidade e os distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, e promove a participación activa e participativa do alumnado.

Para isto tense, en conta:

- O pontenciamento da motivación, vinculando a materia á realidade dos alumnos e alumnas, xerando curiosidade polos novos contidos.
- A aprendizaxe cooperativa, en diferentes modelos de agrupamento.
- Emprego de diferentes recursos e favorecemento da investigación e da indagación, fomentando o traballo autónomo do alumno/a.

As unidades didácticas parten dunha indagación inicial dos coñecementos na que se promoverá motivación. Continuarase coas actividades de desenvolvemento apoiadas en recursos audiovisuais nas que se alternan explicacións coa formulación de interrogantes, e nas que se empregarán diferentes recursos (vídeos, páxinas web, apuntamentos en pdf, fichas impresas, material de laboratorio, modelos...) e espazos (aula, laboratorio, biblioteca...). Para finalizar cada UD realizaranse unha serie de actividades finais de síntese e de resolución de posibles dúbidas.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Para o desenvolvemento das sesións emplearase o libro de texto e recursos publicados na aula virtual. O alumnado disporá dun pendrive, portafolio, lapis, goma, bolígrafos e lápices de cores, así como doutro material que puntualmente poderá solicitarse para a realización de maquetas e outras producións. Outros recursos: fichas, guións de prácticas, material de laboratorio, modelos, coleccións, preparacións microscópicas, artigos de prensa, bibliografía da biblioteca, páxinas web especializadas e outros recursos audiovisuais. As clases desenvolveranse na aula de referencia, no laboratorio e na aula de informática, de xeito xeral.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nunha das sesións da primeira quincena do curso, realizarase unha proba escrita con preguntas curtas, tipo test..., co fin de determinar o nivel competencial inicial do alumnado, a súa diversidade, e adaptar así o tratamento dos contidos.

Estas observacións compartiranse na sesión de avaliación inicial e, de ser o caso, estableceranse as medidas ordinarias ou extraordinarias que fosen necesarias e/ou autorizadas, no seu caso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	4	12	11	11	10	12	10	10	10	10
Proba escrita	60	70	70	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	40	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	70
Táboa de indicadores	30

Criterios de cualificación:

PROCEDIMENTO	INSTRUMENTO	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
PE	PE	70%
TRABALLOS e OBSERVACIÓN DIRECTA	TI	30%

Considéranse como traballos: o traballo diario de aula/casa (fichas e outras actividades) e os proxectos (tanto individuais como en grupo) e as súas exposicións.

A observación directa será o procedemento que se levará a cabo diariamente para avaliar o seguimento das sesións, as intervencións positivas, realización das actividades propostas, formulación de cuestións significativas, interese en tomar anotacións, participación activa na clase, coidado do material e respecto polas normas básicas de convivencia...

A entrega de traballos será obrigatoria e farase antes da data límite establecida, senón estes non serán recollidos e cualificaranse como 0.

Nas probas escritas especificarase, ben no propio exame, ou ben ao inicio das mesmas por parte do docente, a cualificación máxima de cada pregunta.

En cada avaliación farase a media entre as probas escritas realizadas. Deberá obterse como nota mínima un 3 en cada unha das probas escritas, senón a avaliación considerarase non superada e a nota do trimestre non poderá ser maior que 4.

Redondéase á nota máis baixa se a décima é menor que 5 e redondéase á nota máis alta se a décima é 5 o superior.

A nota dos alumnos/as non presentados a algunha das probas sen causa xustificada será de 0 puntos. En caso de que se detecte que un alumno/a copie nun exame a súa cualificación será de 0 puntos.

Farase unha recuperación por avaliación para aqueles alumnos/as que non acaden un 5 de nota media e consistirá nunha proba escrita e/ou entrega de traballos, a criterio da docente.

A nota final do curso será a media aritmética das notas das avaliacións, tomando en consideración o redactado nos seguintes parágrafos:

A cualificación positiva é dun 5 ou superior.

O alumnado que teña unha ou varias avaliacións parciais sen superar terá a posibilidade de facer unha recuperación da avaliación ou avaliacións non superadas, consistente nunha proba escrita e/ou traballos (procedemento a decidir polo docente) de recuperación sobre a materia non superada.

A cualificación definitiva da materia será a media da correspondente ás tres avaliacións parciais. No caso de ter superada algunha avaliación parcial mediante proba(s) de recuperación ou entrega de traballos (procedemento a decidir polo docente), a puntuación máxima considerada para facer a media coas outras avaliacións, no seu caso, será un 5. No caso de superar a materia en proba final relativa aos contidos de todo o curso, a nota máxima será dun 5.

Considérase que a materia foi superada se a nota final é dun 5 ou superior.

Criterios de recuperación:

Farase unha recuperación por avaliación para aqueles alumnos/as que non acaden un 5 de nota media e consistirá nunha proba escrita e/ou entrega de traballos, a criterio da docente.

Ao final de curso, o alumnado que teña unha ou varias avaliacións parciais sen superar terá a posibilidade de facer unha recuperación da avaliación ou avaliacións non superadas, consistente nunha proba escrita e/ou traballos (procedemento a decidir polo docente) de recuperación sobre a materia non superada.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Para recuperar a Bioloxía e Xeoloxía pendente de 1º da ESO, procederase do seguinte xeito:

a) O alumnado coa materia pendente será dado de alta na Aula Virtual correspondente. Nela, a docente colgará os apuntamentos que o alumnado deberá estudar para recuperar a materia e daralle as indicacións pertinentes para ir preparando os exames.

b) Ao inicio de cada avaliación, entregarase un boletín de actividades voluntario a cada alumno/a, co obxectivo de que aquel alumnado que o desexe o poida entregar dentro da data establecida pola docente. É imprescindible a súa entrega en papel, así como realizalo a man.

c) Realizarase unha proba escrita no mes de novembro, correspondente á primeira avaliación; unha proba no mes de xaneiro, correspondente á segunda avaliación; e unha proba no mes de marzo ou abril, correspondente á terceira avaliación. A maiores, para aquel alumnado que non superara algunha ou ningunha das probas de avaliación parcial, haberá unha proba final en abril, na que cada alumno/a deberá examinarse de todos os contidos da(s) avaliación(s) non superada(s). A data de cada proba será indicada ao alumnado pola profesora coa suficiente antelación e, ademais, colgarase na Aula Virtual.

Criterios de cualificación:

- Deberá obterse como nota mínima un 3 en cada unha das probas parciais, así como unha media aritmética de 5 puntos ou superior para poder superar a materia na avaliación final.

- Se algún alumno/a obtén menos dun 3 nalgunha das probas escritas correspondentes á primeira, á segunda ou á terceira avaliación, deberá volver examinarse deses contidos na avaliación final ordinaria de abril.

- En cada avaliación, aquel alumnado que entregue o boletín de actividades voluntario poderá obter ata un punto máis na nota da correspondente avaliación, sempre e cando este estea realizado coa suficiente dedicación, demostrando a comprensión dos contidos.

- Para aquel alumnado que aprobe todas as probas de avaliación parciais, a nota final será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha destas tres probas. De ser o caso, á nota da avaliación parcial engadiráselle a cualificación obtida no boletín de actividades voluntario para facer a media aritmética.

- Para aquel alumnado que non aprobe unha ou dúas das avaliacións parciais, a nota final será a media aritmética da cualificación obtida na proba superada e das cualificacións obtidas na proba final en relación a cada unha das avaliacións suspensas. De ser o caso, á nota de cada avaliación parcial,

engadiráselle a cualificación obtida no boletín de actividades voluntario para facer a media aritmética.

- Para aquel alumnado que non aprobe ningunha das avaliacións parciais, a nota final será a obtida na proba final de abril. De ter entregado os boletíns voluntarios, á nota acadada en cada avaliación parcial dentro da proba final, engadiráselle a cualificación obtida no boletín correspondente para facer a media aritmética.

A profesora informará o alumnado das cualificacións acadadas nos exames, deixándolle claro se superou ou non as avaliacións parciais, así coma os contidos dos que debe examinarse na avaliación final, de ser o caso.

No caso de que a docente detecte que é necesario realizar algún axuste neste plan de reforzo, este levarase a cabo no momento en que se produza esa detección, informando tanto o alumno coma a súa familia dos cambios realizados.

6. Medidas de atención á diversidade

Terase en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, así como os diferentes intereses e motivacións. De xeito xeral, seguirase a seguinte metodoloxía:

Axuda individualizada por parte do docente, con explicacións personalizadas.

Deseño de actividades con diferente grao de dificultade e autonomía.

Emprego de materiais didácticos variados (recursos audiovisuais, TICs, artigos de prensa, etc.) e deseño de actividades motivadoras.

Actividades de reforzo e de ampliación.

Seguiranse as indicacións da orientadora, transmitidas ao profesorado a través dos titores ou titoras; así como, os protocolos publicados pola Xunta.

Se ao longo do proceso de ensino-aprendizaxe fora detectado un novo estudante con necesidades específicas de apoio educativo, comunicaráse á titora ou titor para o seu traslado ao departamento de orientación e adoptaránse as medidas determinadas.

Accións metodolóxicas de cara ao alumnado repetidor:

- Tratarase de analizar co alumnado as causas que lle levaron á repetición de curso e se está na súa man facer algunha mellora.

- Procurarase que a súa ubicación na aula sexa a máis adecuada para o seu proceso de aprendizaxe e, de ser o caso, farase un cambio de posto.

- A docente promoverá a comunicación e a participación activa na aula, prestándolle unha atención o máis persoal posible.

- Comprobarase de forma regular a realización das tarefas encomendadas.

- De ser necesario, faranse explicacións personalizadas.

- Tratarase de deseñar actividades motivadoras e cercanas aos seus intereses.

- Os recursos empregados serán variados.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Coprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Coprensión de lectura	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X

Observacións:

En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

Tratarase de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita a un espazo natural da contorna.	Visita interpretativa a un espazo natural da contorna.		X	
Visita ao museo da SGHN	Visita á exposición permanente do museo.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Participación activa do alumnado.
Emprego de variadas estratexias metodolóxicas.
Toma de decisións sobre a ubicación do alumnado.
Toma de decisións á hora do deseño de actividades e, no seu caso, das probas escritas.
Promoción do traballo colaborativo e do respecto.
Apoio e implicación por parte das familias e comunicación co resto do profesorado.

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada presposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento da programación a través do diario de aula, tendo en conta o grao seu grao de cumprimento e realizarase, no seu caso, unha proposta de melloras.

9. Outros apartados